


INFORME DE RESULTADOS DE SATISFACCIÓN PROPIOS DA FACULTADE DE HISTORIA

2021/2022

MC-05



1. Introdución

Este informe recolle todas as actividades específicas levadas a cabo para medir a satisfacción das usuarias e usuarios, e engloba unha serie de rexistros relacionados coa mesma temática, deixando excluídas as actividades de avaliación institucionais centralizadas pola Área de Calidade. Un obxectivo prioritario da Facultade de Historia, encadrado na xestión da calidade e a mellora contínua, é coñecer e analizar o grao de satisfacción do alumnado, coa finalidade de recoller as posibles necesidades e atopar unha solución eficaz.

Xunto aos mecanismos institucionais que manifestan a mesma finalidade (enquisas de satisfacción e as accións inseridas no PAT/ANEAE), a Facultade desenvolveu durante o curso 2021/2022 dúas actividades específicas que se recollen no presente informe. Estas accións só se dirixiron ao alumnado do grao en Xeografía e Historia e do plan conxunto en Turismo e Xeografía e Historia, posto que consideramos que este procedemento non é aplicable ao alumnado de mestrado, cun maior coñecemento da vida académica, e cremos que resulta suficiente os mecanismos institucionais xa mencionado.

2. Reunións periódicas do decano cos delegados/as de curso

Grupos de interese aos que vai destinada a enquisa ou o proceso de medición de satisfacción	Alumnado do grao en Xeografía e Historia nas seguintes modalidades: 1º Presencial 2º Semipresencial 3º Plan conxunto Turismo e Xeografía e Historia
Aspecto/cuestión que se somete a avaliación da satisfacción	Dinámica do Centro, desde a súa modalidade, e do seu respectivo curso
Responsable da actividade	Decano
Período de recollida de datos	Principio de curso, remate 1º e 2º cuatrimestre
Técnica de recollida de datos	Xuntanzas presenciais e/ou virtuais cos/coas representantes do alumnado

Obxectivos da avaliación

O principal obxectivo é obter información directa, periódica da dinámica do curso e da modalidade a través dos seus representantes. Considérase que este tipo de xuntanzas permite abordar aspectos distintos aos que de xeito prefixado se tratan nas enquisas e complementar a información recabada polos/as titores/as de curso. Asemade, entendemos que tamén facilita o acceso coa coordinación de Calidade para outros posibles imprevistos en datas diferentes.

Datos técnicos:

1. Poboación

Delegadas/os e representantes de alumnado.

2. Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)

A poboación coincide coa mostra, xa que en todos casos as xuntanzas se realizan cos representantes do alumnado escollidos/as polas súas compañeiras e compañeiros. Só no caso de que o alumnado solicite, ben de xeito directo ben a través daqueles/as unha xuntanza grupal máis ampla, se procede á convocatoria da mesma. Isto último adoita acontecer con relativa frecuencia no caso da modalidade semipresencial e do PCEO, xa que presentan unha problemática específica e, ademais, o seu relativamente reducido número facilita este tipo de contactos. Foi o caso do curso académico 2021/2022, durante o cal se mantivo unha xuntanza aberta a todo o alumnado de ambas as dúas modalidades. En ambos os dous casos se celebrou en formato mixto, presencial e mediante campus remoto polas facilidades de conciliación de horarios e con outro tipo de obrigas.

3. Tamaño da mostra (no seu caso, número de persoas entrevistadas ou número de participantes)

- Xuntanza inicial cos delegados do Grao en Xeografía e Historia: 20/09/2021. Asistentes: os delegados dos catro cursos.
- Xuntanza inicial co PCEO: 16/09/2021. Asistentes: catro alumnos/as.
- Xuntanza co alumnado semipresencial: 24/02/2022. Asistentes: oito alumnos/as
- Xuntanza co alumnado PCEO: 3/03/2022. Asistentes: tres alumnas.
- Xuntanza virtual de delegados de curso: 13/03/2022. Asistentes: os catro delegados do Grao en Xeografía e Historia.
- Xuntanza de delegados solicitada polos mesmos: 21/04/2022. Asistentes: os catro delegados/as dos catro grupos do Grao de Xeografía e Historia e delegada do PCEO.

4. Metodoloxía, técnica ou modelo para a recollida de datos

Unha vez comprobado a coincidencia de horas libres nos horarios, se procede á convocatoria dos grupos 1º (no decanato) e 3º (nun aula); aos semipresenciais, moitos deles con ocupacións laborais e noutras provincias, se lles convoca nun aula remota sobre as 20:00. Na xuntanza de principio de curso se explica o motivo do encontro e a periodicidade. Despois de comentar asuntos xenéricos, van intervindo sobre os temas que consideren. A decano toma nota e aqueles asuntos de interese se debaten na Comisión de Calidade e se se considera preciso en Xunta de Facultade.

Dende principios do segundo cuatrimestre optouse por consensuar cos destinatarios a data e hora que mellor se acomode á disponibilidade de todos os destinatarios mediante o grupo de WhatsApp. Asemade, e co fin de favorecer as canles de participación do alumnado,

antes da celebración das Xuntas de Facultade, se lles preguntou por este medio aos seus representante se desexaban proponer a introdución dalgún punto na orde do día ou que se tratase algunha problemática específica que lles afectase.

5. Cuestionario, guión ou ferramenta emplegada

As xuntanzas son globais con cada un dos colectivos. Non hai guión fixo, xa que depende do momento do curso, áinda que, como se apuntou, se lles pregunta especificamente aos seus representantes de curso cando se trata de transmitir inquedanzas ou problemáticas concretas á Xunta de Centro.

Como estrutura podemos indicar os seguintes pasos:

- 1º Busca de horario compatible e convocatoria desde a secretaría do decanato ou mediante o grupo de WhatsApp.
- 2º Confirmación da asistencia a xuntanza.
- 3º Desde a coordinación de calidade se transmite, de habelas, novas de interese.
- 4º Debate aberto con intercambio de pareceres, solucións ou trámite á comisión de calidade e/ou Xunta de Facultade

6. Resultados, análise e conclusión

Tanto o decano como o alumnado convocado, manifestan a súa satisfacción co sistema descrito, áinda que unha parte do alumnado do Grao de Xeografía e Historia se queixa das múltiples enquisas que deben cubrir ou non consideran necesario xuntanzas de tipo grupal. Tamén dende a coordinación de calidade e do PAT se apunta a necesidade de introducir algunas modificacións na liña do apuntado anteriormente.

O contacto directo e pautado xera un ambiente de confianza e seguridade, e resulta grato o intercambio de opinións sobre as expectativas do novo curso, na primeira, e sobre a dinámica do curso a segunda e a terceira, áinda que, como se apuntou, xa se pode detectar con facilidade un menor dinamismo e interese por parte das promocións de máis recente acceso ao Grao.

A excepción, en parte, segue a ser o alumnado semipresencial e do PCEO —sobre todo a promoción que rematará os seus estudos no curso académico 2022/2023—, o que xustifica que se mantivesen as xuntanzas abertas a todos eles e pareza recomendable mantelas para o vindeiro curso.

3. Consulta ao alumnado para a mellora do Anexo II do PAT

Obxectivos da avaliación

A actividade comentada no apartado anterior levaba varios anos implantada, viñculada ao desenvolvemento do PAESU, desaparecido no curso 2020/2021, resultados que cabe cualificar de alentadores, favorecido pola coincidencia de varias promociones consecutivas cuns representantes do alumnado moi activos e interesados na dinámica interna da Facultade. A súa principal utilidade reside no feito de que non só se vai tendo información de primeira man sobre a dinámica do curso dun xeito periódico, senón que manifesta o interese do Centro e a sensibilidade as distintas modalidades e polo tanto possibles casuísticas diferentes que xeran interesantes debates, o que explica que os colectivos de PCEO e semipresencial sexan os que quizais valoren máis este atención específica.

Porén, consideramos que para o vindeiro curso académico faise preciso afrontar unha serie de disfuncións que xa se viñan observando no tempo en diversos apartados. En primeiro lugar, no que atinxe á información que se obtén da ficha inicial de detección de necesidades do PAT. Neste senso, partindo da premisa de que o *Plan de acción titorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo* da Facultade de Historia persegue favorecer a integración de todo o alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas, tanto o equipo decanal como a coordinación do PAT-ANEAE consideramos que a devandita ficha (Anexo II) non achegaba información suficiente nunha serie de apartados que resultaban necesarios tanto para unha mellor detección das mesmas como para a toma de decisións nunha serie de apartados que afectan ao Plan de promoción do Centro e a captación do alumnado.

1. Criterios de selección (da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes)

En concreto, considerouse preciso coñecer máis en detalle diversos aspectos relacionados co acceso á titulación, en especial os relativos a como se coñece o Grao de Xeografía e Historia/PCEO, as razóns para cursar o mesmo na Facultade de Historia de Ourense, a percepción do alumnado sobre a súa futura orientación laboral e o contexto de estudio e de traballo. Para isto, habilitouse a través da Secretaría Virtual unha enquisa, que estivo activa durante os meses de abril e maio, cos seguintes apartados:

DATOS DE ACCESO Á TITULACIÓN
Ano de primeira matrícula no Grao:
Centro no que cursou os estudos de acceso á Universidade:
Concello no que radicaba o Centro:
Estudos realizados para acceder a esta titulación:
Outros estudos ou formación complementaria:
Como coñeceu o Grao de Xeografía e Historia/PCEO (risque o que proceda)
Procurei información por miñ mesmo ou os meus familiares

A través dunha visita/taller que se desenvolveu no meu Centro
Profesorado do meu Centro aconselloume este Grao en concreto
Sobre todo a través de internet e redes sociais nas que se proporcionaba información
Outra (especificar):
Das seguintes opcións, cal foi a más determinante para elixir cursar Xeografía e Historia/PCEO en Ourense
Por proximidade ao meu lugar de residencia
Porque ofertaba a modalidade semipresencial
Porque non entrei noutra Universidade e desexaba cursar estudos de Xeografía/Historia
Porque ofertaba a posibilidade de simultanear estudos co Grao de Turismo
Porque ao ser un Grao xeneralista (Xeografía, Historia e Arte) penso que proporciona máis oportunidades laborais
Outra (especificar)
No momento de matricularse no Grao, cara onde pensaba orientar o seu futuro laboral
Docencia en Secundaria
Investigación/docencia Universidade
Actividades relacionadas co Patrimonio
Actividades relacionadas coa xestión cultural
Cara outro sector non relacionado co Grao
Outra (especificar)
CONTEXTO DE ESTUDO E DE TRABALLO
Tipo de residencia (familiar, piso de estudiante, residencia, piso propio etc.)
Forma de sufragar os gastos (axuda familiar, bolsa, traballo etc.)
Posibilidades de asistencia á clase
Tempo potencial para o estudio diario
Forma de tratar o estudio diario (organización en grupo ou individual, como resolve dúbidas etc.)
Considera importante acudir ás tutorías das materias? Emprégaas?
Actividades do seu interese
Gustaría ampliar a súa formación? En que temas está interesado/a?

2. Resultados, análise e conclusión

Aínda que a participación foi relativamente escasa, as respostas serviron para confirmar a percepción que dende o equipo decanal se tiña respecto a unha serie de elementos, en particular os relativos ao xeito en que se coñece o Grao de Xeografía e Historia/PCEO e as

razóns para cursar o mesmo na Facultade de Historia de Ourense. Por esta razón, propúxose tanto en Comisión de Calidade como en Xunta de Facultade, e así foi aprobado en ambas as dúas instancias, incorporar ao Anexo II do PAT os novos apartados non recollidos anteriormente a partires do curso 2022-2023.

En segundo lugar, as promocións de máis recente incorporación non se teñen amosado tan participativas como as que remataron os seus estudos do Grao de Xeografía e Historia no presente curso académico, como se puxo de manifesto non só na escasa participación na enquisa anterior senón pola preferencia amosada por non concorrer ás xuntanzas de grupo e delegar nos seus representantes a transmisión ao equipo decanal das súas inquedanzas. Daquela, consideramos que para o vindeiro curso académico se cadra resulte máis operativo outorgar un papel máis activo as e aos titoras/es do PAT de cada curso académico e do PCEO, propoñendo unha xuntanza inicial que complemente ás dúas previstas ao remate de cada cuadrimestre para, deste xeito, ser máis eficientes na detección de posibles disfuncións ou problemas que se podan presentar dende un primeiro momento. Deste xeito, as xuntanzas de grupo quedarían limitadas a aquelas que puidesen ser solicitadas directamente polo propio alumnado ou a través dos seus representantes ou titores/as.